



BOLETÍN OFICIAL DA PROVINCIA DA CORUÑA BOLETÍN OFICIAL DE LA PROVINCIA DE A CORUÑA



Boletín Nº 3. Sábado, 4 de enero de 2003

- [III. ADMINISTRACIÓN LOCAL](#) - [III.2 MUNICIPAL](#) - [NARÓN](#) - [CONCELLERÍA DO MEDIO](#)

ANUNCIO Pág. 92 Reg. 12804-G.

[Anterior](#)

[Siguiente](#)

Ordenanza reguladora da tenencia, defensa e protección dos animais de compañía e potencialmente perigosos

ORDENANZA REGULADORA DA TENENCIA, DEFENSA E PROTECCIÓN DOS ANIMAIS DE COMPAÑÍA E POTENCIALMENTE PERIGOSOS

Título preliminar

A)

- Lexislación básica:
- Constitución española de 1978.
- Lei 7/1985, do 2 de abril, reguladores das bases de réxime local.
- Lei xeral de sanidade de 1986.
- Lei 50/1999, do 23 de decembro, sobre o réxime xurídico da tenencia de animais potencialmente perigosos.

B)

- Lexislación específica:
- Lei 1/1993, do 18 de abril, de protección de animais domésticos e salvaxes en cativeidade.
- Decreto 90/2002, do 28 de febreiro, polo que se regula a tenencia de animais potencialmente perigosos na Comunidade Autónoma de Galicia.
- Cans-guía ("lazarillo"): Real decreto 3250/83, 7 de decembro.
- Núcleos zoolóxicos: Orde 30-07-1980; Decreto 1119/75, do 24 de abril.

- C)
- Lexislación subsidiaria estatal:
- Lei do 20 de decembro de 1952. Lei de epizootias.
- Decreto do 4 de febreiro de 1995. Regulamento epizootias.
- Orde do 5 de decembro de 1974, que contempla a lexislación anterior en materia de recollida de cans.
- Orde do 14 e xuño de 1976, modificada por Orde do 16 de decembro de 1976.
- Ordenanza xeral de limpeza deste Concello. Capítulo V.

Introducción

Esta ordenanza intenta recoller e respecta-los dereitos dos animais así como contempla-la lexislación comunitaria, nacional e autonómica no referente á identificación e censo dos animais de compañía e os Potencialmente perigosos, a responsabilidade civil da súa tenencia e o control sanitario dos animais.

A lexislación sobre a protección animal en Galicia recolle disposicións destinadas a garantir unha axeitada convivencia entre persoas e animais que habitan no contorno humano, establecendo unha serie de obrigas ós posuidores como responsables finais das accións dos animais baixo a súa custodia.

No ámbito estatal cómpre sinala-la Lei 50/1999, do 23 de decembro, sobre o réxime xurídico da tenencia de animais potencialmente perigosos, que foi promulgada con base nas competencias asignadas ó Estado no artigo 149.1.29.º da Constitución española, e motivada pola proliferación da tenencia de animais que pola súa tipoloxía e conducta son susceptibles de xerar un perigo para as persoas, outros animais e para as cousas, incrementado en determinadas ocasións por un adestramento que potencia as súas características específicas.

Nos últimos tempos transcendeu á opinión pública a proliferación de ataques de animais, especialmente de cans, ás persoas, xerando unha situación que motivou a promulgación da referida normativa estatal e que é obxecto de desenvolvemento neste decreto na nosa comunidade autónoma, de conformidade coas competencias atribuídas estatutariamente.

Co fin de garantir axeitadamente a seguridade e protección de persoas, animais e bens, e, así mesmo, a pacífica convivencia entre persoas e animais, é preciso regula-las condicións para a tenencia de animais que poidan constituír un potencial perigo, ben pola súa tipoloxía racial concreta, ben por unha modificación de conducta por carecer de educación (entendida esta como proceso de socialización) ou por ser esta inadecuada, ou ben polas condicións ambientais ás que son sometidos por parte dos seus propietarios, creadores e posuidores, estes últimos como responsables finais das accións dos animais baixo a súa custodia.

A revisión da ordenanza municipal en vigor, pretende regulariza-la tenencia e adestramento dos animais potencialmente perigosos, intentando facer compatible a seguridade e integridade física dos cidadáns de Narón con respecto ó uso e deleite da tenencia destes animais.

Regúlase nesta ordenanza, a definir e clarificar conceptos presentes ó longo do articulado e dedicando un artigo desta ordenanza á licenza municipal.

CAPÍTULO I

Disposición xeral**Artigo 1.**

A presente ordenanza establece a normativa municipal de protección e regulación específica dos animais de compañía e potencialmente perigosos e de adestradores caninos, no término municipal de Narón.

Artigo 2.-Definicións.

1.º .-Para os efectos deste decreto enténdese por:

a) **Animais de compañía.**

Son animais de compañía os que se crían e reproducen coa finalidade de vivir cos seres humanos e cos fins educativos sociais ou lúdicos, sen ningunha actividade lucrativa, en especial tódalas subespecies e variedades de gatos (*Felis catus*) e tódalas subespecies de cans (*Canis familiaris*).

b) **Animais potencialmente perigosos.**

Para os efectos desta ordenanza enténdese por animais potencialmente perigosos, no ámbito territorial deste Concello de Narón, todos aqueles que pertencendo á fauna autóctona ou alóctono, independentemente da súa condición, natureza, especie ou raza á que pertencen, e convivindo no contorno humano como animais domésticos ou de compañía, sexan susceptibles de ocasionala morte, ou lesións ás persoas ou a outros animais, ou de producir danos de certa entidade ás cousas.

c) **Exclusións.**

Quedan excluídos da regulación desta ordenanza os animais destinados ó traballo ou a proporcionar carne, pel ou algún outro produto útil para o home, os cales se regulan por outras disposicións. Tamén se exclúen os animais de experimentación e para outras finalidades científicas.

d) **Outros animais domésticos.**

A tenencia de outros animais domésticos, non cualificados como de compañía, de animais exóticos e/ou salvaxes en domicilios particulares, estará sometida á autorización expresa deste Concello, sempre que se cumpran as condicións seguintes:

Os/ as propietarios/as de animais pertencentes a especies permitidas polos tratados internacionais e ratificado polo Estado español, han de acreditar a súa procedencia legal. En ningún suposto se permite a posesión de animais salvaxes de manifesta agresividade ou potencialmente perigosos, así como de animais susceptibles de poder provocar envelenamentos pola súa trabada ou picadura (Lei 1/93).

2.º .-Entenderase por cans potencialmente perigosos aqueles nos que concorran calquera das condicións seguintes:

a) Cans que tivesen algún episodio de agresións a persoas ou ataques de certa entidade a animais ou ás cousas.

b) Cans que fosen adestrados para a garda e defensa.

c) Cans que, polas súas características raciais, puidesen seren aptos para o adestramento, para a garda e defensa e, en concreto, os pertencentes ás razas seguintes:

American stafforshire terrier	Pit bull terrier	Bullmastif
Doberman	Dogo arxentino	Dogo de Bordeos
Dogo do Tíbet	Fila brasileiro	Mastín napolitano
Presa canario	Presa mallorquino (can de Bou)	Rotweiler
Staffordshire bull terrier	Tosa inu	Akita inu

Tamén serán considerados neste apartado os cruzamentos en primeira xeración destes, cruzamentos destas razas entre si ou cruzamentos deste con outras razas, obtendo unha tipoloxía similar a algunha das razas anteriormente descritas.

d) Cans que manifesten unha marcada agresividade natural ou inducida mediante adestramento, malos tratos ou calquera outro medio. A dita agresividade será apreciada pola autoridade competente, de oficio ou logo da notificación ou denuncia e logo de informe dun adestrador ou veterinario designado para o efecto.

Artigo 3.º .-Identificación.

a) **Marcaxe.**

Acto cirúrxico que consiste en implantar ou asignar a un animal un código de identificación individual que o permita diferenciar doutro animal.

b) **Identificación.**

Dotar a un animal dunha marca que o permita recoñecer e proba-la súa identidade.

c) **Identificación definitiva.**

Dotar a un animal dunha marca indeleble, fiable, estandarizada, duradeira e practicamente inviolable, que permita recoñecer e proba-la súa identidade.

d) Sistema de identificación.

Medio que se utiliza para marcaxe dun animal para os efectos de poder recoñecelo e proba-la súa identidade.

Artigo 4.º .-Licencia.

a) A tenencia dos animais referidos no artigo anterior requirirá a obtención previa dunha licencia administrativa outorgada polo Concello, nos termos previstos no artigo 3 da Lei 50/1999, do 23 de decembro, e ó Decreto 90/2002, do 28 de febreiro, da Consellería de Medio ambiente da Xunta de Galicia.

b) Esta licencia deberá ser renovada cada cinco anos, coa finalidade de comprobar que o interesado segue a cumprir os requisitos que se lle esixiron para a súa obtención.

c) Os donos dos animais potencialmente perigosos subscribirán un seguro de responsabilidade civil cunha cobertura mínima de cento vintecinco mil euros (125.000 euros), que se renovará anualmente, pola súa responsabilidade derivada dos danos que o animal poida causar a terceiros, aínda ca o animal fose cedido a outra persoa para o seu coidado. A constitución do citado seguro será requisito indispensable e previo para a identificación dos animais e inscrición no Rexistro municipal.

d) A obtención da licencia para a tenencia de animais salvaxes en cativeiro, considerados como potencialmente perigosos, requirirá, ademais dos requisitos especificados no artigo 3 da Lei 50/1999, do 23 de decembro, a presentación dunha memoria descritiva das instalacións e das medidas de seguridade utilizadas para impedi-la fuxida dos animais. A dita memoria deberá estar subscrita por veterinarios, biólogos ou outros facultativos superiores ou medios nos que nos seus plans de estudos queda acreditado o coñecemento ou estudio da etoloxía animal.

e) Para a obtención da licencia, deberán presentar xunto coa instancia oficial no modelo tipo que se lle entregará neste Concello onde se farán constar os seguintes apartados:

1. Información de carácter obrigatorio:

- Nome e apelidos do propietario do animal.
- Enderezo do propietario do animal.
- Teléfono de contacto do propietario do animal.
- DNI do propietario do animal.
- Código identificador do animal.
- Zona de aplicación.
- Especie.
- Raza. En cruzamento de primeira xeración especificaranse as razas de procedencia. Cun informe veterinario.
- Sexo.
- Descrición da capa.
- Data de nacemento do animal.
- Enderezo habitual do animal.
- Outros signos identificatorios non definitivos.
- Especificación de se o animal está destinado a convivir cos seres humanos ou se finalidade distintas como a garda, defensa ou outra que se indique.
- Nome, enderezo, número de colexiado e número de veterinario colaborador que realiza o marcaxe.

2. Para a identificación de animais potencialmente perigosos constará, ademais, a seguinte información:

- Certificado sanitario, expedido por un veterinario, que acredita con periodicidade anual, a situación sanitaria do animal e a inexistencia de enfermidades ou síntomas que o poidan facer potencialmente perigoso, así como unha certificación de que o animal carece de lesións ou cicatrices que puidesen estaren relacionadas coa utilización do animal en pelexas ou outras actividades prohibidas.

- Libreta sanitaria actualizada nos tratamentos preceptivos e preventivos propios da especie e idade, Na libreta sanitaria figurará a catalogación de animal potencialmente perigoso.

- Copia da póliza que xustifique ter formalizado o seguro de responsabilidade civil.

- Certificado de penais e rebeldes.

- Certificado de aptitude psicolóxica do propietario.

CAPÍTULO II

Dos rexistros

Artigo 5.º .-Rexistro municipal.

1.-Os titulares da licenza municipal deberán inscribirse no Rexistro municipal de animais potencialmente perigosos, que se establece con esta finalidade en tódolos concello, no prazo de 15 días contados a partir da obtención da licenza.

2.-Este rexistro contará, polos menos, cos seguintes datos:

- Datos persoais do posuidor: nome e apelidos, enderezo habitual, documento nacional de identidade e telefono de contacto.

- Características do animal que fagan posible a súa identificación: idade, especie, raza, características externas e número de microchip.

- Lugar habitual de residencia do animal.

- Función/aptitude do animal (compañía ou garda, defensa, caza).

3.-Este Concello remitirá os datos do Rexistro municipal ó Rexistro galego de identificación de animais de compañía e potencialmente perigosos, nun prazo de 15 días contados dende a inscrición do animal potencialmente perigoso.

4.-Este Concello creará o rexistro, informatizado, que estará constituído por dúas seccións, a sección de Rexistro de identificación de animais de compañía, na que se inclúsen tódolos cans, e outra sección de Rexistro de identificación de animais potencialmente perigosos, no que se incluírán os cans potencialmente perigosos, os animais salvaxes en catividade considerados potencialmente perigosos, así como aqueles outros que este Concello poida determinar no futuro en atención ás

circunstancias e coñecementos sobrevidos.

5.-Estes rexistros poderán seren consultados por tódalas administracións públicas e autoridades competentes, así como por aquelas físicas ou xurídicas que acrediten ter interese lexítimo no coñecemento dos datos que constan nel. En todo caso, o uso e tratamento dos datos contidos no rexistro será acorde co disposto na Lei orgánica 15/1999, de protección de datos persoais.

6.-Os propietarios dos animais serán os responsables de identifica-los animais e de sufraga-los gastos que isto ocasione, independentemente do lugar de residencia das ditas persoas. A identificación definitiva suporá un requisito previo e obrigatorio para realizar calquera transacción do animal.

7.-Neste rexistro constará a seguinte información de carácter obrigatorio:

- Código identificador do animal.
- Zona de aplicación.
- Especie.
- Raza. En cruzamento de primeira xeración especificaranse as razas de procedencia.
- Sexo.
- Descrición da capa.
- Data de nacemento do animal.
- Enderezo habitual do animal.
- Outros signos identificatorios non definitivos.
- Especificación de se o animal está destinado a convivir cos seres humanos ou se finalidade distintas como a garda, defensa ou outra que se indique.
- Nome e apelidos do propietario do animal.
- Enderezo do propietario do animal.
- Telefono de contacto do propietario do animal.
- DNI do propietario do animal.
- Nome, enderezo, número de colexiado e número de veterinario colaborador que realiza o marcaxe.
- Data na que se realiza a implantación da identificación e a entrega do documento ó propietario.
- Data de alta no rexistro.

8.-Na sección de identificación de animais potencialmente perigosos constará, ademais, a seguinte información:

- Certificado sanitario, expedido por un veterinario, que acredita con

periodicidade anual, a situación sanitaria do animal e a inexistencia de enfermidades ou síntomas que o poidan facer potencialmente perigoso, así como unha certificación de que o animal carece de lesións ou cicatrices que puidesen estaren relacionadas coa utilización do animal en pelexas ou outras actividades prohibidas.

- Libreta sanitaria actualizada nos tratamentos preceptivos e preventivos propios da especie e idade, Na libreta sanitaria figurará a catalogación de animal potencialmente perigoso.

- Copia da licenza municipal de tenencia de animais potencialmente perigosos, a nome do propietario. Acompañarase de copia da póliza que xustifique ter formalizado o seguro de responsabilidade civil.

CAPÍTULO III

Da tenencia e das obrigas dos propietarios, posuidores e veterinarios

Artigo 6.º .-Tenencia.

No hábitat ou medio no que viven os animais de compañía son habitantes en propiedade horizontal, en propiedade vertical, en casas unifamiliares, fábricas e terreos.

A tenencia de animais de compañía non poderá supoñer ningún risco sanitario nin ningunha incomodidade para os veciños nin para outros animais. Preverase que as comunidades de veciños non establezan ningún impedimento para a súa tenencia.

O número máximo de animais permitido por habitante establecerano os técnicos municipais, de acordo co espazo dispoñible e as condicións hixiénico - sanitarias para o seu mantemento.

Se unha persoa física ou xurídica ten dous ou máis animais de compañía para criar con finalidades comerciais, haberá solicitar e obte-la correspondente licenza das autoridades municipais.

As tendas e os centros de cría de compañía axustaranse á normativa de núcleos zoolóxicos; nembargantes, rexeranse polas autorizacións municipais, condicións sanitarias e de aloxamento que veñen reguladas mediante esta ordenanza.

Para o resto dos animais respectaranse os mínimos asumibles polo ben-estar animal, particularmente, este Concello non autorizará nin permitirá espectáculos. Atracción feirais nin outras actividades onde se utilicen animais, se lles pode causar sufrimento ou poden ser obxecto de burlas ou tratamentos antinaturais.

Artigo 7.º .-Das obrigas dos propietarios.

1.º .-De conformidade coa lexislación aplicable queda expresamente prohibido:

- Maltratar ou agredir fisicamente os animais ou sometelos a calquera outra práctica que lles provoque sufrimento ou danos inxustificadas.

- Abandonalos.
- Mantelos en instalacións indebidas desde o punto de vista hixiénico - sanitario.
- Non lles facilita-la alimentación necesaria para subsistir.
- Dalos en doazón como prezo, recompensa ou agasallo de compensación por outras adquisicións de natureza distinta á transacción onerosa de animais.
- Vendelos ós menores de 14 anos e ós incapacitados sen autorización dos que teñen a patria potestade ou a custodia.
- Exerce-la venda ambulante de calquera animal, agás feiras legalizadas.
- O uso de animais en espectáculos loitas e outras actividades, se estas poden feri-la sensibilidade das persoas que os contemplan.
- Mendigar na vía pública utilizando como reclamo calquera animal.
- Alimenta-los animais na vía pública, sobre todo, aqueles que non teñen propietario coñecido, agás naqueles locais indicados e controlados polo Concello e sen que queden restos de comida.

Artigo 8.º .-Das obrigas dos veterinarios.

Comunicar a este Concello a identificación de animais de Compañía e Potencialmente perigosos.

- Os veterinarios que prestasen asistencia sanitaria a un animal sospeitoso de ser utilizado en pelexas ou que observasen que o animal presenta cicatrices ou lesións relacionadas con esta práctica ou outras actividades prohibidas, deberán poñerse en contacto inmediatamente co Rexistro municipal de identificación de animais de compañía e potencialmente perigosos, achegando os datos correspondentes do animal e do seu propietario.

- Os incidentes producidos por animais potencialmente perigosos ó longo da súa vida, coñecidos polas autoridades administrativas ou xudiciais (fundamentalmente centros de saúde, hospitais, centros públicos e comisarías), faranse constar na folla rexistral de cada animal, que se cancelará coa súa morte, certificada polo veterinario ou autoridades competente.

- O traslado dun animal potencialmente perigoso doutro concello ou comunidade autónoma a este Concello, sexa con carácter permanente ou por periodo superior a tres meses, obrigará o seu propietario a efectua-la inscrición oportuna no Rexistro municipal de identificación de animais de compañía e potencialmente perigosos.

- A Alcaldía, a proposta do departamento responsable do rexistro, notificará de inmediato ás autoridades administrativas ou xudiciais competentes calquera incidencia que consta no Rexistro municipal, para a súa valoración e, de se-lo caso, adopción de medidas cautelares e preventivas.

- O propietario dun animal potencialmente perigoso deberá comunicar calquera variación dos datos do rexistro no prazo de 15 días desde que se producise a modificación que proceda rexistrar, excepto nos incidentes de agresión, nos que a comunicación será inmediata.

- As autoridades sanitarias e os veterinarios que coñezan a existencia dunha mordedura ou agresión provocada por un animal potencialmente perigoso

comunicaranllo ó Rexistro municipal, quen dará conta de inmediato ó Rexistro galego de identificación de animais de compañía e potencialmente perigosos.

Artigo 9.º .-Obrigas de identificación.

Os propietarios, criadores ou posuidores dos animais ós que se refire este decreto terán a obriga de identifica-los animais cun microchip nos seus tres primeiros meses de vida ou nun mes despois da súa adquisición.

A identificación dos animais da especie canina, coa debida garantía, é obrigatoria sen excepcións.

Os posuidores dos animais obxecto desta ordenanza estarán obrigados a achega-la documentación acreditativa de obtención da licencia e a información prevista nos artigos 4.º e 5.º desta ordenanza ó veterinario actuante, para a súa inscrición neste rexistro.

Artigo 10.º .-Sistema de identificación.

1.º .-A identificación consistirá na implantación dun. Microchip ou *transponder*: cápsula portadora dun dispositivo electrónico que contén un código alfanumérico identificativo susceptible de ser lido mediante un equipo lector específico. Que en ningún caso poida ser susceptible de ser modificado, e sexa único para cada animal

2.º .-A marcaxe dos animais realizarase obrigatoriamente por un *transponder* que se adapte ó establecido no punto 3 deste artigo.

3.º .-Os *transponders* deberán reuni-las seguintes características:

- Deberán estar programados cun código alfanumérico único que en ningún caso poida ser susceptible de ser modificado.

- A estrutura do código alfanumérico que incorporen deberá cumprir co establecido na norma ISO 11.784.

- O sistema de intercambio de enerxía entre o dispositivo e o lector deberá cumprir co establecido na norma ISO 11.785.

- tamaño será inferior a 12 milímetros de longo e 2,5 milímetros de ancho.

- Estarán dotados dun sistema antimigratorio e o seu recubrimento deberá ser biocompatible.

- Presentaranse individual e convenientemente esterilizados en envase que conteña a agulla e o inxector, e incluírá un mínimo de tres etiquetas co código de barras que conteña o código alfanumérico.

Artigo 11.º .-Procedemento de identificación.

1.º .-A implantación no animal do código establecido será efectuada por un veterinario, nomeado para o efecto por este Concello. Os veterinarios non oficiais que desexen participar no proceso de identificación de animais de compañía, deberán solicitalo ó departamento do Medio deste Concello, acreditando que cumpren, polo menos, os seguintes requisitos:

- Que están inscritos no Colexio Oficial de Veterinarios.

- Que estean dados de alta para o exercicio libre da profesión.
- Que posúan un lector de *transponders* compatible con tódalas tecnoloxias e polo tanto capaz de permiti-la lectura de tódolos sistemas homologados.

2.º .-Se a documentación é correcta, a Alcaldía a proposta do concelleiro-delegado do Medio, resolverá nun prazo máximo de tres meses. De non recaer resolución no dito prazo, entenderase estimada a solicitude.

O recoñecemento como veterinario actuante renovarase ós cinco anos da súa obtención.

A perda desta condición terá lugar por renuncia voluntaria ou por incumprimento das obrigas establecidas nesta ordenanza ou nas disposicións da lexislación vixente sobre protección animal en Galicia, logo do expediente no que se dará audiencia ó interesado e que resolverá o señor alcalde, a proposta do delegado do Medio.

3.º .-No momento da identificación do animal, o veterinario actuante cubrirá un impreso oficial de identificación, por triplicado exemplar, achegado por este Concello, no que constará a información esixida no parágrafos 2.º do artigo 5.º desta ordenanza. O propietario do animal identificado deberá recibir do veterinario actuante un exemplar do impreso oficial no que figurará necesariamente o código asignado e implantado no animal. O veterinario actuante conservará no seu poder outro exemplar do impreso. O terceiro exemplar deberá ser remitido polo veterinario ó Rexistro municipal de identificación de animais de compañía e potencialmente perigosos nun prazo máximo de 15 días despois de efectua-la identificación.

4.º .-O animal deberá ser identificado en presenza do seu propietario, figurando os seus datos e a súa sinatura no impreso oficial de identificación. Os responsables do rexistro, despois de recibi-la documentación remitida polo veterinario, procederán a procesa-los datos e enviarán ó propietario do animal o documento acreditativo da identificación.

Artigo 12.º .-Obrigas dos posuidores en materia hixiénico-sanitaria.

Normas sanitarias.

1. Todo animal de compañía ten dereito e o propietario ten o deber de ofrece-las debidas condicións sanitarias.

2. Con esta finalidade as autoridades administrativas poderán ordena-la execución de determinadas campañas sanitarias obrigatorias para os animais de compañía da forma e no momento que se determine.

3. Cada propietario deberá dispor da correspondente documentación sanitaria na que se especificarán as características do animal e o seu estado sanitario.

4. Os propietarios, criadores ou posuidor duns animais que agredan a persoas ou a outros animais causándolles feridas de mordeduras, serán responsable de que o animal sexa sometido a recoñecemento dun veterinario en exercicio libre da profesión, en dúas ocasións dentro dos 15 días seguintes á agresión. Nese recoñecemento o veterinario responsable emitirá un certificado no que conste se o animal presente ou non síntomas de enfermidade infectocontaxiosa.

Así mesmo, están obrigados a:

- Facilitarlle datos do animal agresor e os seus propios á persoa agredida, ós seus representantes legais e ás autoridades competentes que o soliciten.

- Comunicalo, nun prazo máximo de 24 horas, posteriormente ós feitos, á area de sanidade animal.

- Someter ó animal agresor á observación veterinaria, así como facilitar tódalas actuacións que comporte e comunica-las posibles incidencias do animal no centro municipal ou previa autorización a calquera consulta veterinaria de exercicio libre e segui-las disposicións que determine o veterinario.

- Os veterinarios están obrigados a comunicarlle toda enfermidade transmisible ó departamento de sanidade municipal, na forma en que está establecido para que independentemente das medidas zosanitarias individuais se poñan en marcha as correspondentes medidas hixiénico - sanitarias de protección civil.

- Os veterinarios, clínicas, consultas ou hospitais veterinarios debidamente rexistrados e que voluntariamente participen en campañas promovidas por este concello quedarán obrigados a facilita-los datos que se lles requiran con finalidades estatísticas e/ou sanitarias.

- Concello queda obrigado a preservar estes datos de toda utilización, non pode facilitar estes datos a ningún particular, de acordo co disposto na Lei orgánica 15/1999, de protección de datos persoais

- Os núcleos zoolóxicos debidamente rexistrados dentro do ámbito de aplicación desta ordenanza deberán ter.

- Libro de rexistro de entrada e saída dos animais de compañía.

- As condicións hixiénico-sanitarias esixidas para estes establecementos así coma un programa de hixiene e profilaxe elaborado por un veterinario.

- A venda de gatos e cans deberá axustarse ás normas de identificación descritas nesta ordenanza.

- Os animais deberán ser vendidos en boas condicións sanitarias.

Artigo 13.º .-Obrigas dos posuidores en materia de seguridade cidadá.

1.-Os propietarios, posuidor ou criador de animais de compañía terán que:

- Nas vías públicas os cans irán provistos de correa e colar e debidamente identificados, deberán circular con buceira todos aqueles cans nos que a perigosidade sexa razoablemente previsible, de acordo coa súa natureza e as súas características.

- A autoridade municipal poderá ordena-lo uso das buceiras cando as circunstancias así o aconsellen e mentres estas circunstancias non muden, así como establece-los horarios de presenza en determinados lugares públicos.

- O traslado de cans e gatos por medio de transporte público realizarase de acordo coas disposicións vixentes e o que dicte a autoridade competente en cada un dos casos.

- Os cans-guía ("lazarillos") poderán circular libremente nos transportes públicos urbanos, sempre que vaian acompañados do seu amo e garden as condicións hixiénicas, sanitarias e de seguridade que regula esta ordenanza.

- A entrada de cans e gatos en calquera lugar destinado á fabricación, almacenamento, transporte ou manipulación de alimentos queda expresamente

prohibida.

- Os propietarios de establecementos públicos como hoteis, pensións, restaurantes, bares, cafeterías e similares, poderán prohibir, sempre debidamente sinalizado, a entrada e permanencia de cans e gatos.

As anteriores limitacións e prohibicións non serán aplicables ós invidentes.

- O/a dono/a de cans e gatos deberá adoptar medidas para que as deposicións fecais dos animais non manchen beirarrúas, zonas de viandantes, parques e en xeral calquera lugar destinado ó tránsito de peóns. Os donos de cans e gatos son os responsables de recoller convenientemente os excrementos mediante bolsas de plástico ou de papel ou recolledor especialmente indicado para iso e depositalos nos colectores.

- Queda prohibido deixa-las deposicións fecais dos cans nas vías públicas, en zonas verdes e, en xeral, en calquera lugar destinado ó tránsito de peóns.

2.º .-Os propietarios, posuidor ou criador de animais potencialmente perigosos terán a obriga de cumprir tódalas normas de seguridade cidadá, establecidas na lexislación vixente e na lexislación sobre protección animal de Galicia, de xeito que garantan a óptima convivencia destes animais cos seres humanos e se eviten molestias á poboación.

3.º .-As instalacións destinadas a albergar animais potencialmente perigosos pertencentes á fauna silvestre alóctona ou exótica precisarán cumpri-las medidas de seguridade que eviten a fuxida destes animais. Tódalas instalacións destinadas a albergar animais potencialmente perigosos deberán reunir como mínimo as seguintes medidas de seguridade:

- As paredes e valados serán suficientemente altos e consistentes e deberán estar fixadas co fin de soporta-los peso e a presión do animal, evitando as fuxidas.

- As portas das instalacións deben ser resistentes, a estar deseñadas para evitar que os animais poidan abri-los mecanismos de seguridade, sen producir-lles danos.

- recinto estará sinalizado coa advertencia de que se atopa no interior un animal potencialmente perigoso.

- As instalacións nas que se alberguen animais potencialmente perigosos deberán reuni-las condicións establecidas na normativa sobre protección animal de Galicia, tendo en conta as especificacións técnicas correspondentes a cada especie.

Artigo 14.º .-Presencia de animais na vía pública e establecementos públicos.

1.º .-Neste Concello de Narón, no ámbito da súa competencia, vén de regula-las condicións en que se autoriza a circulación e estadía dos animais potencialmente perigosos nas rúas, parques e vías publicas, podendo determinar, por razóns de seguridade e orde pública as zonas en que se prohiba a súa estadía e circulación.

2.º .-Os cans de garda deberán estar baixo a vixilancia dos seus propietarios ou persoas responsables, que deberán telos de xeito que os viandantes non sufran ningún mal nin que o animal poida abandona-lo recinto que estará convenientemente sinalizado advertindo o perigo da existencia dun can vixiando o recinto.

3.º .-En calquera caso, o propietario dun animal, sen prexuízo da

responsabilidade subsidiaria, é responsable dos danos, dos prexuízos e as molestias que cause ás persoas, ás vías, espacios públicos e ó medio natural en xeral, de acordo co que establece o artigo 1905 do Código civil.

(Artigo 1905.-O posuidor dun animal ou o que se serve del, é responsable dos prexuízos que causase, aínda que se lle escape ou extravíe. Só cesará esta responsabilidade no caso de que o dano proviñese de forza maior ou de culpa do que o sufrise).

4.º .-Nas vías públicas os cans irán provistos de correa e colar e debidamente identificados, deberán circular con buceira todos aqueles cans que estean catalogados como potencialmente perigosos e a súa relación consta no artigo 3.º , apartado 2.º , e aqueles nos que a perigosidade sexa razoablemente previsible, de acordo coa súa natureza e as súas características.

5.º .-A autoridade municipal poderá ordena-lo uso das buceiras cando as circunstancias así o aconsellen e mentres estas circunstancias non muden, así como establece-los horarios de presenza en determinados lugares públicos.

6.º .-O/a dono/a de cans e gatos deberá adoptar medidas para que as deposicións fecais dos animais non manchen beirarrúas, zonas de viandantes, parques e en xeral calquera lugar destinado ó tránsito de peóns. Os donos de cans e gatos son os responsables de recoller convenientemente os excrementos mediante bolsas de plástico ou de papel ou recolledor especialmente indicado para iso e depositalos nos colectores.

7.º .-Queda prohibida a presenza de animais nos parques públicos infantís.

Artigo 15.º .-Traslado e prohibicións.

1.º .-O traslado de cans e gatos por medio de transporte público realizarase de acordo coas disposicións vixentes e o que dicte a autoridade competente en cada un dos casos.

2.º .-Os cans-guía ("lazarillos") poderán circular libremente nos transportes públicos urbanos, sempre que vaian acompañados do seu amo e garden as condicións hixiénicas, sanitarias e de seguridade que regula esta ordenanza.

3.º .-A entrada de cans e gatos en calquera lugar destinado á fabricación, almacenamento, transporte ou manipulación de alimentos queda expresamente prohibida.

4.º .-Os propietarios de establecementos públicos como hoteis, pensións, restaurantes, bares, cafeterías e similares, poderán prohibir, sempre debidamente sinalizado, a entrada e permanencia de cans e gatos.

5.º .-Queda prohibido deixa-las deposicións fecais dos cans nas vías públicas, en zonas verdes e en xeral, en calquera lugar destinado ó tránsito de peóns.

As anteriores limitacións e prohibicións non serán aplicables ós invidentes.

CAPÍTULO IV

Do adestramento

Artigo 16.º .-Centros de adestramento.

1.º .-Os centros de adestramento deberá estar rexistrados no Rexistro de establecementos, segundo o artigo 33 do Decreto 153/1998, do 2 de abril, polo que se aproba o regulamento que desenvolve a Lei 1/1993, do 13 de abril, de protección de animais domésticos e salvaxes en catividade.

2.º .-Os establecementos nos que se realicen tarefas de adestramento de animais deberá colocar, nun lugar visible da entrada, unha placa dun tamaño mínimo de 30 x 20 cm, na que conste o nome e o número de inscrición do adestrador no Rexistro galego de adestradores caninos e o número de inscrición do establecemento no Rexistro de establecementos de animais domésticos e salvaxes en catividade.

3.º .-Os establecementos rexistrados no Rexistro de establecementos de animais domésticos e salvaxes en catividade de Galicia dedicados ó adestramento deberán anotar no libro de rexistro os seguintes datos de criadores, adquirentes ou propietarios:

- Nome, apelidos ou razón social.
- NIF ou CIF.
- Número de rexistro do establecemento de orixe do animal (se procede dun criadeiro).
- Raza, idade o sexo do animal.
- Código de identificación dos animais (microchip ou tatuaxe).
- Número de licenza municipal dos posuidores.

Artigo 17.º .-Homologación de centros dedicados ó ensino para o adestramento.

1.º .-A homologación oficial de centros dedicados ó ensino para o adestramento de animais potencialmente perigosos levarase a cabo en función dos currículos dos profesores do centro, en función do temario teórico e práctico impartido que terá o contido mínimo do programa que figura no anexo VII do Decreto 90/2002, do 28 de febreiro, da Consellería de Medio Ambiente da Xunta de Galicia, publicado no DOG número 63, do 2 de abril, e en función das instalacións dispoñibles para o adestramento, que deberán estar rexistradas no Rexistro de establecementos de animais domésticos e salvaxes en catividade de Galicia, segundo o especificado no Decreto 153/1998, do 2 de abril.

2.º .-Os centros que desexen ser homologados deberán presentar unha solicitude, para os efectos da súa aprobación, coa documentación sinalada no parágrafo anterior, e aportando certificación de estar inscrito no Rexistro de establecementos de animais domésticos e salvaxes en catividade de Galicia, expedido pola Consellería de Medio Ambiente.

3.º .-Para os efectos previstos no parágrafo anterior, de non recaer resolución nun prazo de seis meses desde a formulación da solicitude, esta entenderase estimada, conforme o disposto no artigo 43 da Lei 30/1992, do 26 de novembro, de réxime xurídico das administracións públicas e do procedemento administrativo común.

CAPÍTULO V

Dos cans abandonados ou vagabundos

Artigo 18.º .-Dos cans abandonados ou vagabundos.

De acordo co disposto nos artigos 53, 57 e 58 do Decreto 153/1998, do 2 de abril:

1.º .-Considérase que un animal está abandonado se non leva ningunha identificación censual ou ningunha identificación de orixe ou do propietario, nin vai acompañado de ningunha persoa, e, neste suposto, o Concello ou, se é o caso, a entidade supramunicipal correspondente farase cargo do animal, reténdoo ata que sexa recuperado, cedido ou sacrificado.

2.º .-O prazo para recuperar un animal sen identificación é de vinte días.

3.º .-En caso de que o animal leve calquera identificación, os correspondentes servizos municipais avisarán ó propietario, que dispoñerá dun prazo de vinte días para recuperalo, aboando previamente tódolos gastos que orixinase. Unha vez transcorrido ese tempo, se o propietario non satisfizo o aboamento dos gastos, o animal considerárase legalmente abandonado.

4.º .-Unha vez transcorrido o prazo regulamentario para a recuperación dos animais, o Concello poderá sacrificalos ou dalos en adopción. O sacrificio farase baixo control da Inspección veterinaria, que poderán utiliza-las medidas que estimen oportunas para evita-lo máis mínimo sufrimento.

CAPÍTULO VI

Da esterilización

Artigo 19.º .-Da esterilización.

1.º .-Consonte o establecido na Lei 50/1999, do 23 de decembro, a esterilización dos animais potencialmente perigosos, ademais de poderse facer por vontade dos seus propietarios, realízanse obrigatoriamente por mandato xudicial ou resolución administrativa nos supostos de reiteradas agresións ás persoas ou danos a outros animais ou ás cousas.

2.º .-Corresponderalles ós Delegados provinciais da Consellería de Medio Ambiente a facultade de acorda-la esterilización, no suposto de reiteradas agresións ás persoas ou danos a outros animais ou ás cousas, logo do procedemento contradictorio iniciado de oficia ou por solicitude de persoa interesada, no que será preciso que conste informe médico (no caso de agresións a persoas) ou informe veterinario (no caso de agresións ós animais) e a audiencia ó propietario do animal.

Dictada la resolución, procederase á esterilización polo veterinario designado para os efectos, que deberá comunicala ós rexistros municipais e autonómico, para a inscrición do acto cirúrxico na folia de identificación. Os gastos xerados correrán por conta do propietario.

3.º .-A esterilización realizarase aplicándolle anestesia ó animal coa finalidade de garantir que non se le cause dor ou sufrimento innecesario.

CAPÍTULO VII

Das infraccións e sancións

Artigo 20.º .-Das infraccións e sancións.

1.º .-En materia de infraccións e sanción rexerá o disposto na Lei 50/1999, do 23 de decembro, sobre réxime xurídico da tenencia de animais potencialmente perigosos e na Lei 1/1993, do 13 de abril, de protección de animais domésticos e salvaxes en cativeiro.

2.º .-Para os efectos da presente ordenanza será infracción administrativa o incumprimento das obrigacións, as prohibicións e dos requisitos establecidos nela, así como das condicións impostas nas autorizacións administrativas outorgadas ó seu abeiro.

3.º .-A responsabilidade administrativa será esixible sen prexuízo da que puidese corresponder no ámbito civil ou penal.

4.º .-No caso de celebración de espectáculos prohibidos incorrerán en infracción administrativa non só os seus organizadores, senón tamén os donos dos locais ou terreos que os cedesen a título oneroso ou gratuíto.

Artigo 21.º .-As infraccións clasifícanse en leves, graves e moi graves.

1.º .-Son infraccións leves:

- a) O maltrato dos animais que non lles cause dor.
- b) A venda, doazón ou cesión de animais a menores de 14 anos ou incapacitados, sen autorización de quen teña a súa patria potestade, tutela ou custodia.
- c) A doazón de animais de compañía como premio.
- d) Non mante-los animais en boas condicións hixiénico - sanitarias.
- e) Mantelos en instalacións inadecuadas.
- f) Non lles facilitar alimentación axeitada ás súas necesidades.
- g) A utilización de animais en traballos que os inmovilicen, causándolles dor.

- h) Exerce-la venda ambulante fóra dos mercados e feiras autorizados.
- i) A carencia ou tenencia incompleta do arquivo de fichas dos animais obxecto de tratamento obrigatorio.
- l) A posesión dun can non censado (artigo 7.º , 3, desta lei).
- ll) O sacrificio de animais en lugares públicos.
- m) A non recollida inmediata dos excrementos evacuados por un animal de compañía na vía pública e zoas verdes.
- n) Calquera outra actuación que vulnere o disposto nesta ordenanza e que non estea tipificada como infracción grave ou moi grave.

2.º .-Son infraccións graves:

- a) O maltrato dos animais que lles cause dor ou lesións.
- b) Mutilalos sen necesidade ou sen o axeitado control veterinario.
- c) Abandonalos.
- d) A venda ambulante, reiterada, de animais en xeral, fóra dos establecementos, feiras e mercados legalmente autorizados.
- e) A venda de animais salvaxes en catividade fóra dos establecementos autorizados.
- f) O incumprimento das obrigas sinaladas nos artigos 3.º , 4.º e 5.º desta lei, agás o disposto no artigo 22.º , 1.b).
- g) A subministración de estimulantes non autorizados ou sustancias que poidan atentar contra a súa saúde, agás cando sexa por prescripción facultativa.
- h) A non vacinación ou non tratamento obrigatorio dos animais.
- i) A venda de animais enfermos, salvo que se trate dun vicio oculto, non coñecido polo vendedor.
- l) A cría ou comercialización de animais sen cumpri-los requisitos correspondentes.
- ll) A tenencia de animais perigosos sen as medidas de protección que se fixen.
- m) O incumprimento de calquera outra das condicións impostas nas autorizacións administrativas.

Considérase, así mesmo, como infracción grave a reincidencia en infracción leve, entendendo que existe tal reincidencia cando se comete unha infracción leve do mesmo tipo que a motivou unha sanción anterior no prazo de trescentos sesenta e cinco días seguintes á notificación desta: requirirase que a resolución sancionadora adquira firmeza.

3.º .-Son infraccións moi graves:

- a) O maltrato dos animais que lles cause a morte.

b) A organización e celebración de espectáculos, pelexas ou outras actividades con animais que impliquen crueldade ou maltrato, ou que poidan causarlles sufrimentos.

c) A venda de animais con enfermidades infecto-contaxiosa coñecida.

d) A venda de animais para experimentación sen a debida autorización a centros non autorizados.

e) A esterilización ou o sacrificio de animais sen control facultativo.

f) A reiteración en faltas graves.

Considéranse, así mesmo, como infracción moi grave a reincidencia en infracción grave, entendendo que existe a reincidencia cando se comete unha infracción grave do mesmo tipo que a motivou unha sanción anterior no prazo de trescentos sesenta e cinco días seguintes á notificación desta: requirirase que a resolución sancionadora adquirise firmeza.

Artigo 22.º .

As infraccións leves prescribirán ós seis meses, as graves ós doce meses e as moi graves ós dous anos.

Artigo 23.º .

Das infraccións pecuniarias:

1.-As infraccións indicadas no capítulo anterior serán sancionadas con multas de:

a) As leves, de 30 a 300 euros.

b) As graves, de 301 a 3.000.

c) As moi graves, de 3.001 a 15.000.

2.-A imposición das sancións previstas correspóndelle:

a) Ó alcalde do Concello para infraccións leves.

b) Ó director xeral de Producción Agropecuaria e Industrias Alimentarias, para as infraccións graves.

c) Ó concelleiro de Agricultura, Gandería e Montes, para as moi graves.

A apertura dos expedientes sancionadores, corresponderalles ós delegados da Consellería de Agricultura, Gandería e Montes. A súa tramitación adecuarase ó disposto na Lei de réxime xurídico das administracións públicas e de procedemento administrativo común.

Regulamentariamente determinaranse os supostos nos que a apertura e tramitación poidan serlles encomendados ós concellos.

Artigo 24.º .-Das sancións non pecuniarias.

Na resolución do expediente sancionador, ademais das multas a que se refire o artigo anterior, os órganos competentes poderán impoñe-las seguintes sancións:

1.-O peche temporal ou definitivo, respectivamente para as infraccións graves ou moi graves, do exercicio de actividades comerciais reguladas por esta ordenanza.

2.-A prohibición temporal ou permanente, respectivamente para as infraccións graves ou moi graves, do exercicio de actividades comerciais reguladas por esta ordenanza.

3.-A incautación dos animais obxecto de actividades ilegais ou de abandono para calquera tipo de infracción.

4.-No caso de federacións ou de calquera outra entidade non lucrativa, para infraccións graves ou moi graves, poderase suspender temporalmente ou en casos moi graves definitivamente, o exercicio das súas actividades.

Artigo 25.º .-Graduación das sancións.

A imposición das sancións previstas pola ordenanza graduaranse conforme ós seguintes criterios:

1.-A transcendencia social ou sanitaria e o prexuízo causado pola infracción.

2.-O ánimo de lucro e a contía do beneficio obtido na comisión da infracción.

3.-A importancia do dano causado ó animal.

4.-A reiteración ou reincidencia na comisión de infraccións.

Disposicións transitorias.

Primeira.-Tódalas instalacións dedicadas a albergar animais potencialmente perigosos deberán cumprir coas obrigas e previsións contidas na presente ordenanza no prazo dun (1) ano, contado desde a súa entrada en vigor.

Segunda.-Os titulares ou posuidores de animais obxecto de regulación nesta ordenanza deberán proceder á súa identificación con microchip no prazo dun (1) ano a partir da súa entrada en vigor.

Terceira.-Mentres non se proceda á homologación de centros dedicados ó ensino para o adestramento, non será esixible para a obtención do certificado de capacitación o requisito que se establece nesta ordenanza.

Cuarta.-Unha vez que sexan homologados os centros dedicados ó ensino para o adestramento, os solicitantes do certificado de capacitación para o adestramento non terán que acredita-lo requisito previsto neste ordenanza.

Disposición final.

Esta ordenanza entrará en vigor ós 30 días seguintes ó día da súa publicación no BOP.

Narón, 5 de decembro de 2002.

O alcalde, Xoán Gato Díaz.

Reg. 12804-G



De acuerdo con el artículo 7.1 de la Ley 5/2002, del 4 de abril, Reguladora de los Boletines Oficiales de las Provincias, los originales serán transcritos en la misma forma en que se hallen redactados y autorizados por el órgano remitente, sin que por ninguna causa puedan variarse o modificarse sus textos una vez éstos hayan tenido entrada en el Boletín Oficial, salvo que el órgano remitente lo autorice de forma fehaciente.